



BASES XERAIS DE ADMISIÓN PARA "COACHING POINT" EMPRESARIAL

1 PERSOAS DESTINATARIAS

Este taller está destinado a empresarios/as que queiran dar un cambio e mellorar o seu negocio cara unha dirección que os leve a saír da zona de confort e poder establecer novas accións e actitudes.

O perfil está aberto a todo tipo de empresas: restaurantes, bares, casas rurais, hoteis, salóns de beleza e estética, vivendas vacacionais, axencias de viaxes, pensións, fisioterapeutas, masaxistas, de ocio e tempo libre, etc.

2 SOLICITUDES

As solicitudes a este taller, segundo o modelo de ficha que se anexa, dirixiranse ao presidente da Mancomunidade de Municipios Arousa Norte e presentaranse mediante algún destes medios:

- Rexistro da Mancomunidade de Municipios Arousa Norte (Praza de Galicia, 2º andar- Casa do Concello de Boiro), de luns a venres en horario de 9.00 a 13.30 h.
- Por correo electrónico (correo@arousa-norte.es) . Entenderase asinada a ficha no momento do envío por correo electrónico.
- Por correo postal certificado.

Non se admitirán as solicitudes que non teñan cubertos todos os seus apartados.

O prazo para presentar as solicitudes rematará o 30 de decembro de 2014 ás 13.30 horas (o prazo poderíase ampliar no caso de que non se cubriaran as prazas)

A falsidade ou ocultación de datos esenciais para a selección de participantes dará lugar a exclusión automática do taller formativo.

Para calquera dúbida en relación a este taller poden poñerse en contacto coa Mancomunidade de Municipios no teléfono 981 845 236 ou por correo electrónico (correo@arousa-norte.es) .

3 SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

Os participantes para o taller seleccionaranse seguindo os seguintes criterios:

- 1 Participantes no taller "Activa o teu negocio", pre-inscritos ao Coaching point.(5 puntos)
- 2 Ser integrante da asociación de empresario turísticos "Mar de Arousa Norte" (3 puntos)
- 3 Cesión do espazo ⁽¹⁾da empresa para realizar os talleres de coaching point (2 puntos)



- 4 Empresa pertencente a calquera dos concellos de Arousa Norte (2 puntos)
- 5 Empresa do sector turístico (1 puntos)
- 6 Por orde de inscrición

Reservase unha praza por empresa. No caso de inscribirse máis persoas estará suxeto á dispoñibilidade de prazas.

Antes do inicio do taller, confirmarase mediante correo electrónico ás persoas admitidas.

Nota ¹ .O lugar de realización é significativo para potenciar os resultados. Polo que contará coas seguintes características: espazo preferiblemente acolledor e cálido, con cadeiras para os participantes.

ANEXO I. PROGRAMA "COACHING POINT" EMPRESARIAL

1 OBXECTO

O obxecto principal destes talleres é despertar a conciencia de CAMBIO nas persoas participantes.

2 OBXECTIVOS

- Ofrecer recursos de mellora de negocio
- Aplicar diversas técnicas de motivación para a mellora do negocio
- Potenciar o emprendemento dentro do propio negocio
- Ofrecer accións dirixidas a que o empresariado aumente a súa clientela publicitando e dinamizando os seus produtos e servizos a partir dun concepto de márketing vivencial e de impacto

3 CONTIDOS

O Coaching point consiste en reunións periódicas no que se crea un grupo de persoas e no que cada participante ten o seu espazo para comentar a súa situación ou problemática; entre os asistentes xunto coas profesionais do coaching atópanse medidas e estratexias que levará a cada participante a obter medidas e estratexias de resolución encamiñadas ao cambio, co fin de crear un plan de acción.

A través das diversas ferramentas de coaching abordarase entre as persoas participantes:

- Exposición por quenda dos casos que lle preocupan a cada un deles
- Debate e achega dos/das demais.



- Conclusión por parte dos/as expertos/as a través do feedback para pechar cada caso.

4 PRAZAS

O número de prazas é de 15.

5 DATAS, LUGAR E HORARIO

As datas e os horarios previstos son os seguintes:

15/01/2014 – de 17.00 a 18.30 h

29/01/2014 – de 17.00 a 18.30 h

12/02/2014 – de 17.00 a 18.30 h

26/02/2014 – de 17.00 a 18.30 h

Lugar: os talleres realizaranse nun establecemento de Arousa Norte, pendente de confirmar. O lugar de realización será notificado as persoas interesadas antes da realización.

* As datas e os horarios poden sufrir variacións.

* O número de sesións poderá ser ampliado, segundo se contemple a necesidade.

Boiro, 20 de decembro de 2013